

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA O ACCESO PÚBLICO AO  
XARDÍN DO PAZO DO COLEXIO DE FONSECA**

En Santiago de Compostela, a 16 de xullo de 2013 no Salón Reitoral da USC.

**REUNIDOS**

Dunha parte a Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante a USC), con CIF Q1518001A e domicilio no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782 de Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D. Juan José Casares Long, Reitor Magnífico da USC, segundo o Decreto 99/2010 do 17 de xuño da Xunta de Galicia (DOG de 24/06/2010), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (24/12/2001) e no artigo 87 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 28/2004 de 22 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 09/02/2004).

Por outra, Sr. D. Ángel Currás Fernández na súa calidade de Alcalde-Presidente da Corporación, actuando en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, no uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei de bases de réxime local 7/1985 de 2 de abril.

Ambos interveñen en nome e representación das institucións anteditas

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO**

A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é titular do inmovible denominado Colexio de Fonseca no concello de Santiago de Compostela. Atópase inscrito no Rexistro da Propiedade . de Santiago ao tomo 64, libro 33, folio 21, predio 1.525, Referencia catastral 7277204NH3477G00010J.

Dito inmovible é un ben catalogado formando unha unidade, integrada pola edificación mais o xardín.

Este xardín se atopa entre a biblioteca Xeral, a travesía de Fonseca e a praza de Rodrigo de Padrón, e cunha porta de entrada por esta última.

O inmovible na actualidade destinase principalmente á Biblioteca Xeral da USC.

## **SEGUNDO**

O presente Convenio ten por obxecto establecer, entre a USC e o Concello de Santiago, o marco e as condicións para permitir o acceso público de persoas ao xardín existente dentro do recinto do inmovible.

## **TERCEIRO**

Ao abeiro do exposto ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.-**

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases de colaboración entre a USC, e o Concello de Santiago para permitir o acceso público de persoas ao xardín do Colexio de Fonseca que se atopa entre a biblioteca Xeral, a travesía de Fonseca e a praza de Rodrigo de Padrón, e cunha porta de entrada por esta última.

### **Segunda.-**

A USC autoriza o acceso público dos cidadáns ao xardín do Colexio de Fonseca a través do portal existente na Praza de Rodrigo de Padrón, no que non se poderá

realizar ningún uso non conforme coa natureza do ben tendo en conta o seu carácter de ben catalogado e a súa condición de xardín.

**Terceira.-**

O Concello de Santiago comprométese a:

a) A apertura e peche do portal de acceso ao xardín de 09.00 horas a 18.30 horas en horario de inverno, e de 09.00 horas a 22.00 horas en horario de verán, que en todo caso será compatible co uso que os órganos da USC que teñan adscrito o inmovible poidan facer do mesmo, nas horas en que o portalón permaneza pechado de acordo co horario establecido. Si a Universidade precisa a utilización en exclusiva do espazo durante o periodo de apertura, avisarase ao responsable do Concello para que se peche durante ese tempo ao público

b) Atendendo á finalidade da autorización e conforme ao recollido no expoñendo primeiro, quedará prohibida calquera tipo de actuación que afecte ao carácter indisoluble da totalidade do inmovible, así coma os actos non conformes ao uso específico de xardín e polo tanto, que vaian contra a súa natureza e o seu carácter de ben de interese cultural, comprometéndose o Concello a velar polo cumprimento desta circunstancia.

c) O Concello asumirá a xestión da apertura e o peche da entrada ao xardín nos horarios recollidos na cláusula terceira letra a)

Así mesmo, o Concello asumiu a colocación de mobiliario acorde co uso ao que se vai destinar o espazo e coa súa condición de ben de interese cultural. En concreto este mobiliario consiste en catro bancos xa instalados.

Quedarán prohibidos os actos que perturben o normal desenvolvemento das actividades polo órganos que dispoñen da adscrición do inmovible, as actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, as acampadas, calquera tipo de acto público e en xeral, calquera tipo de actividade allea ao uso propio de xardín, comprometéndose o Concello a velar polo cumprimento destas circunstancias.



## **CONCELLO DE SANTIAGO**

d).- Calquera tipo de intervención que poida superar a mera conservación e mantemento do xardín ou a colocación de mobiliario descrita no apartado c), deberá ser previamente aprobada pola USC, previa remisión do proxecto de obras ou instalacións, plan, memoria, etc no que quede garantida a unidade e diferenciación do conxunto formado polo edificio e xardín do Colexio de Fonseca.

e) O Concello asume asimismo a responsabilidade patrimonial por danos ao público que puideran acaecer polo acceso ao xardín que se regula no presente convenio

### **Cuarta.-**

Nomearase unha “comisión de seguimento” do presente convenio formada por catro persoas, dúas designadas pola USC, dúas designadas polo Concello de Santiago, que resolverá toda continxencia que poida xurdir do desenvolvemento do presente convenio.

A USC, unha vez oída a comisión de seguimento, interpretará o conxunto de cláusulas e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente Convenio.

### **Quinta.-**

Será motivo de resolución do presente Convenio:

- a) o mutuo acordo das partes.
- b) o incumprimento das súas cláusulas, mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión a que se refire a cláusula anterior.

Ademais, o convenio quedará automaticamente resolto se por calquera causa a autorización de uso non resulta compatible coa afectación do inmovible, a criterio da USC, previo informe do órgano que teña adscrito o inmovible con motivo da súa afectación.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**Sexta.-**

O presente convenio ten natureza administrativa. O coñecemento dos litixios que del se poidan derivar correspóndelle á xurisdición contencioso-administrativa.

**Sétima.-**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de cinco anos, salvo que se produza algunha das cláusulas de resolución previstas na cláusula quinta.

**Oitava.-**

En todo o non previsto no presente convenio, estarase ao disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de patrimonio de Galicia, ao Regulamento de Bens das Entidades Locais, Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e a Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das Administracións Públicas

O presente documento é lido polas partes intervintes e mostrándose conformes con el, asínano no lugar e data citados no comezo.

Pola USC  
O reitor

Polo Concello  
O alcalde

Juan José Casares Long

Ángel Curras Fernández